



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Fundamentos de intervención logopédica	Código	652G04005	
Titulación	Grao en Logopedia			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Ríos de Deus, María Paula	Correo electrónico	paula.rios.dedeus@udc.es	
Profesorado	García Real, Teresa Juana	Correo electrónico	teresa.greal@udc.es	
	Ríos de Deus, María Paula		paula.rios.dedeus@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia de Fundamentos da intervención logopédica sitúase no 1º cuatrimestre do 1º Curso do Grao en Logopedia; polo tanto, trátase dunha materia que permite introducirse nos coñecementos necesarios para o estudo no campo da logopedia. A logopedia é unha disciplina de carácter multidisciplinar que comparte o seu estudo sobre a comunicación humana con outras disciplinas relacionadas coa medicina (neuroloxía, psiquiatría, neuroloxía, fisioloxía...), así como coa lingüística, a pedagogía, a psicoloxía...			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A6	Coñecer a clasificación, a terminoloxía e a descrición dos trastornos da comunicación, a linguaxe, a fala, a voz e a audición e as funcións orais non verbais.
A13	Coñecer os principios xenerais de la intervención logopédica.
A14	Coñecer as funcións da Intervención logopédica: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento.
A16	Coñecer as características diferenciais da intervención logopédica nos ámbitos familiar, escolar, clínico-sanitario e asistencial.
A24	Coñecer o concepto de Logopedia, obxecto e método; A profesión de logopeda; A Historia da Logopedia; A deontoloxía e a lexislación relevante para o exercicio profesional.
A25	Coñecer a organización de institucións educativas, sanitarias e sociais.
A32	Utilizar tecnoloxías da información e da comunicación.
B7	Capacidade de análise e síntese.
B9	Capacidade de organizar e planificar.
B16	Resolver problemas de forma efectiva.
B17	Saber expresarse en público.
B19	Ter compromiso ético.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñece e diferencia os conceptos fundamentais relativos aos trastornos da comunicación, da linguaxe, da fala, da voz e a audición e as funcións orais non verbais.	A6	B7 B9	
Explica os conceptos e principios xerais da intervención logopédica, identificando e diferenciando segundo as súas competencias, así como as funcións de prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento.	A13 A14 A24	B16 B17	



Identifica e diferencia as características da intervención logopédica nos ámbitos familiar, escolar, clínico-sanitario e asistencial...	A13 A16 A32	B7 B9 B16	C8
Comprende e analiza a profesión de logopeda, o seu obxecto e método, atendendo ás súa evolución histórica, características e á deontoloxía e lexislación actual para o exercicio profesional.	A14 A24 A32	B7 B9 B19	
Demostra o manexo de instrumentos de recollida de información pertinentes para estudar a realidade que envolve á profesión do/da Logopeda.	A32	B16 B19	C8
Pon en práctica os coñecementos adquiridos acerca da profesión de Logopeda e a súa labor nas diversas institucións educativas, sanitarias e sociais.	A25 A32	B16 B17 B19	C1 C8
Pon en valor a importancia da investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.		B19	C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á intervención logopédica	1.1. Introducción á logopedia. Intervención 1.2. A profesión do/a logopeda. Perfil e competencias 1.3. A actuación do/a logopeda e a lexislación básica 1.4. O traballo en equipo no ámbito da logopedia
2. Funcións da intervención logopédica	2.1. Destinatarios da intervención logopédica 2.2. Áreas de intervención en logopedia 2.3. Estructura do proceso da intervención logopédica 2.4. Protocolos de intervención logopédica
3. Ámbitos e contextos da intervención logopédica	3.1. Tipoloxías de intervención logopédica 3.2. Modelos, teorías e correntes de intervención 3.3. Programas de intervención logopédica con evidencia científica 3.4. Tratamentos e técnicas de intervención logopédica con evidencia científica
4. Principais patoloxías en Logopedia	4.1. Alteracións da voz 4.2. Alteración da audición 4.3. Alteracións da fala 4.4. Alteracións da linguaxe

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A6 A13 A14 A16 A24 A25	21	0	21
Análise de fontes documentais	A6 A13 A14 A16 A24 A32 B7 B9 B17 C1 C8	6	30	36
Estudo de casos	A13 A14 A16 A32 B7 B9 B16 B19 C1 C8	4	25	29
Presentación oral	A13 A14 A16 A24 A32 B7 B9 B17 B19 C1 C8	9	2	11
Traballos tutelados	A6 A13 A14 A16 A24 A25 A32 B7 B9 B16 B17 B19 C1 C8	3	15	18



Proba obxectiva	A6 A13 A14 A16 A24	2	28	30
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición oral do profesor na que se traballarán os contidos que compoñen o marco teórico, complementada co uso de presentacións e soportes audiovisuais, así como a introdución de preguntas dirixidas ao alumnado en forma de actividades de aula, a fin de que a aprendizaxe ten un carácter máis dinámico e permite a participación dos alumnos.</p> <p>A estrutura das sesións maxistrais rexeráse pola orde establecida nos contidos de aprendizaxe, teoricamente introducindo cada un dos temas e subtópicos; ofreceráse bibliografía e documentación adicional aos estudantes para afondar na materia; e o traballo teórico complementarase en cada sesión con actividades prácticas.</p>
Análise de fontes documentais	Actividades destinadas a que os estudantes realicen a lectura crítica e a análise das distintas fontes documentais de calidade relevantes.
Estudo de casos	Cando se imparta o tema 4 presentaranse casos clínicos das alteracións descritas (voz, audición, fala e linguaxe) para introducir ao alumnado no manexo de datos clínicos, termos específicos e metodoloxía de programación terapéutica para a intervención logopédica.
Presentación oral	Exposición verbal de todas as actividades realizadas na materia, a través das cales o alumnado e a docente interactúan plantexando cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.</p>
Proba obxectiva	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación de coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, etc.</p> <p>Pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou asociación. Tamén se pode construír cun só tipo de algunha destas preguntas.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Traballos tutelados	<p>Ofrécese atención ao alumnado en titorías individuais e / ou en grupo tanto para o desenvolvemento e a corrección do traballo na aula (análise de fontes documentais, lecturas, casos prácticos) como para a resolución de dúbidas, co fin de rastrexar a evolución da aprendizaxe e un rexistro do seu traballo persoal.</p> <p>Os alumnos asistirán á programación de titorías establecida pola docente. Recoméndase solicitar previamente, por correo electrónico, unha cita para mellor organización.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Proba obxectiva	A6 A13 A14 A16 A24	Proba tipo test de resposta única. As respostas incorrectas descontarán aplicando a seguinte fórmula: $Puntuación = n^{\circ} \text{ de acertos} - (n^{\circ} \text{ de erros} \times 0.25)$. - A realización desta proba é obrigatoria e computa o 30% da nota final. - Será necesario acadar unha puntuación de 5 puntos (sobre 10) para sumala ás calificacións do resto de actividades. A proba poderá realizarse de maneira presencial ou virtual utilizando as ferramentas informáticas institucionais.	30
Presentación oral	A13 A14 A16 A24 A32 B7 B9 B17 B19 C1 C8	A presentación de cada actividade será avaliada pola docente (heteroavaliación), polo grupo aula (coavaliación) e polo propio estudante (autoavaliación), atendendo aos criterios que se establezan conxuntamente. Entre eles: contidos relevantes e claros; orde na exposición; claridade e corrección lingüística; capacidade de síntese das ideas fundamentais; coherencia no discurso, linguaxe non verbal e utilización do espazo; creatividade (presentación suxerente, motivadora, dinamizadora da participación das/os compañeiras/os...); uso dos recursos. A valoración do traballo presentado terá carácter grupal. Será por iso que cada equipo establecerá unhas normas de autorregulación mínimas que faciliten a dinámica de traballo. - A súa realización é obrigatoria e computa o 40% da nota final. - Será necesario acadar unha puntuación de 5 puntos (sobre 10) para sumala ás calificacións do resto de actividades.	40
Traballos tutelados	A6 A13 A14 A16 A24 A25 A32 B7 B9 B16 B17 B19 C1 C8	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela da docente por medio da simulación e da práctica deliberada. Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polo estudiantado da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo docente-titor. - O alumnado dividirase en grupos. - A súa realización é obrigatoria e computa o 30% da nota final. - Será necesario acadar unha puntuación de 5 puntos (sobre 10) para sumala ás calificacións do resto de actividades.	30

Observacións avaliación

Para superar a materia é preciso ter aprobado todos os traballos realizados na clase.

O alumnado non asistente, deberá contactar conmigo para establecer a metodoloxía de avaliación da materia.

Terase en conta, na presentación dos traballos, o formato, a redacción, as faltas gramaticales e as ortográficas.

En canto á realización fraudulenta das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no REGULAMENTO DISCIPLINAR DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE

DA CORUÑA

Aprobado polo Consello de Goberno do 27/02/2023.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Castellanos López, M.A., Pérez Moreno, E. y Simón López, T. (2018). Métodos de investigación en logopedia. Madrid: Síntesis- Gallardo, J.R. y Gallego Ortega, J.L. (2003). Manual de logopedia escolar: un enfoque práctico (4ª ed.). Málaga: Aljibe- Gallego Ortega, J.L. (1999). Calidad en la intervención logopédica: Estudio de caso. Málaga: Aljibe- Gutiérrez Zuloaga, I. (1997). Introducción a la historia de la logopedia. Madrid: Narcea- Lou Royo, M.A. y Jiménez Correa, A. (1999). Logopedia: Ámbitos de intervención . Málaga: Aljibe- Nolla Casals, A. (2015). La logopedia. Barcelona: Editorial UOC- Peña-Casanova, J. (2014). Manual de logopedia (4ª ed).. Barcelona: Elsevier Masson- Perelló, J. (2002). Diccionario de Logopedia, Foniatría y Audiología (2ª ed.). Barcelona: Ediciones Lebón- American Psychological Association (2010). Manual of the American Psychological Association (6ª ed.). Washington: American Psychological Association
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Intervención logopédica nos trastornos da fala e a voz/652G04027

Intervención logopédica nos trastornos da linguaxe/652G04034

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías